



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO ÁMBITO SUNC-810 RECARÉ-FERREIRAS, NO CONCELLO DE VIGO

Promotor: Cecosa Hipermercados SL
Órgano substantivo: Concello de Vigo
Expediente: 2025AAE3033

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Vigo aprobouse definitivamente o 26.5.2025 (DOG núm.123 do 30.6.2025), tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O 22.11.2017 recibíuse na anterior Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático¹ o "Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo 2008 no ámbito A-7-02 Recaré e proposta da súa inclusión como ordenación provisional da Lei 2/2017" para emitir o informe ambiental que esixe o artigo 88 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. O 12.12.2017 foi emitido o informe sobre a tramitación ambiental que debía realizarse para a aprobación do instrumento de ordenación provisional.
- 3 O 18.7.2018 o Concello de Vigo achegou documentación do "Instrumento de ordenación provisional para o ámbito A-7-02 Recaré" (en diante IOP), solicitando iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada. O 18.9.2018 emitíuse o informe ambiental estratéxico (DOG núm. 196 do 15.10.2018), resolvendo a necesidade de someter o IOP ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria. Sendo así, as medidas de ordenación provisional non podían ser de aplicación ao IOP nos termos previstos.
- 4 O 2.12.2019 recibimos un novo escrito do Concello de Vigo co que se xunta documentación do "Instrumento de ordenación provisional para o ámbito A-7-02 Recaré adaptado aos informes sectoriais". No citado escrito se sinala que a documentación agora presentada, anula e substitúe ao borrador e o documento ambiental anteriormente presentados. O 31.1.2020 foi emitido o informe ambiental estratéxico (DOG núm. 34 do 19.2.2010).
- 5 O 10.9.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do Concello de Vigo no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-810 Recaré-Ferreiras" (en diante, plan ou PERI), segundo o previsto no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de novembro, de avaliación ambiental. Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.

¹ Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade





O 19.9.2025 requirimos ao Concello que completase a documentación con informes dos servizos técnicos municipais e das empresas subministradoras e/ou distribuidoras sobre a suficiencia das infraestruturas de abastecemento e saneamento. O 23.9.2025 recibimos a resposta do Concello ao dito requirimento.

- 6 O 23.9.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o Regulamento que a desenvolve (RLSG), aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro, integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o procedemento de avaliación ambiental estratéxica regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Segundo o artigo 46.2.b da LSG, debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- 3 A avaliación ambiental estratéxica simplificada conclúe cun informe ambiental estratéxico, que ten a natureza de informe preceptivo e determinante (artigo 5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental). Neste informe o órgano ambiental determinará se o plan pode ter ou non efectos significativos no medio (artigo 75.3 da LSG). No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental deberá consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (artigo 75.3 da LSG), que se pronunciarán no prazo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.






CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do plan e ámbito de actuación

Obxecto: establecer a ordenación detallada do polígono de solo urbano non consolidado SUNC-810 previsto no PXOM e destinado a usos terciarios.

Ámbito de actuación: terreos situados na parte leste do termo municipal, na zona norte da parroquia de Santiago de Bembrive entre os núcleos de Recaré (ao norte), Segade (ao oeste) e A Mouteira (ao leste). O ámbito linda ao oeste coa traza da autovía das Rías Baixas A-55, ao norte co camiño Castiñeiras, ao leste co camiño Cemieiras, e ao sur con parcelas residenciais do núcleo de Ferreiras e baleiras pertencentes ao polígono de solo urbano non consolidado residencial do SUNC-805.

Superficie do ámbito²: 70.168,60 m².



Situación do ámbito do PERI

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito queda emprazado na área periurbana sueste da cidade ocupando un baleiro intermedio entre núcleos de poboación (Segade, Recaré, A Mouteira e Ferreiras), con vivendas unifamiliares, zonas de monte forestal (ao nordés), infraestruturas viarias (A-55 ao oeste), e áreas con parcelas cultivo e pequenas hortas familiares.

A maior parte dos terreos do PERI atópanse en estado natural e libres de edificacións, ocupados por vexetación herbácea, mato e exemplares arbóreos

² A ficha do PXOM contemplaba unha superficie bruta de 70.891 m² para o ámbito SUNC-810, no entanto o borrador do PERI a reaxusta tras o levantamento topográfico e a consultada das propiedades catastrais.





dispersos. Teñen unha pendente media dun 6%, descendente en sentido nordés-suroeste, existindo noiros con fortes pendentes (70%–100%) ao oeste na zona de contacto coa autovía A-55.

Segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia³, o ámbito queda emprazado na comarca paisaxística de Vigo Litoral, formando parte da grande área paisaxística das Rías Baixas.

A ficha do PERI recolle que foi detectada a presenza exemplares de especies exóticas invasoras no ámbito como canas (*Arundo donax*), robinias (*Robinia pseudoacacia*) ou herba da pampa (*Cortaderia selloana*).

No referente ao patrimonio cultural non foron identificados bens patrimoniais catalogados no interior do ámbito. No entanto existen elementos catalogados na zona correspondente aos accesos proxectados, como a Fonte do lavadoiro de Segade ao oeste da A-55 na rúa Segade e a Fonte do lavadoiro de Recaré ao nordés no final do camiño Castiñeiras, ambos incluídos no catálogo do PXOM dentro do conxunto de fontes e Lavadoiros en Bembrive (EL.03.001). Tamén existe un hórreo nunha parcela particular que forma parte do conxunto de hórreos da parroquia de Bembrive (01-0338). No camiño de Castiñeiras tamén existen tramos de muros tradicionais de pedra que conforman peches de parcelas.

O ámbito é lindeiro á autovía A-55 (Vigo-Fronteira Portuguesa) polo oeste, unha das principais vías de comunicación supramunicipal do concello. Segundo información do último *Mapa de tráfico*⁴ publicado polo Ministerio de Fomento (2024), esta autovía ao seu paso pola zona presenta unha considerable intensidade de tráfico, cunha intensidade media diaria total de 36.372 veh./día, fundamentalmente asociada a vehículos lixeiros.

A zona na que se prevén resolver as conexións viarias do PERI coa autovía A-55, está dentro dun tramo considerado como de "concentración de accidentes"⁵.

O ámbito do PERI queda emprazado nunha área afectada pola servidume aeronáutica do aeroporto de Vigo.

No referente ás infraestruturas de servizos, o ámbito do PERI conta con acceso inmediato ás redes municipais de abastecemento que discorren ao norte polo camiño Castiñeiras e ao leste polo camiño Cemieiras. No referente ao saneamento existen colectores polo camiño Cemieiras e pola súa continuación polo camiño Ferreiras ao sur.

3 Decreto 119/2016, do 28 de xullo polo que se aproba o Catálogo das Paisaxes de Galicia.

4 <https://mapadetráfico.transportes.gob.es/>


5 https://www.transportes.gob.es/recursos_mfom/nota-tca-2024-para-publicar-en-web_105-def.pdf






3. Proposta de plan

Análise de alternativas: o documento ambiental estratéxico valorou dúas alternativas de ordenación para o PERI ademais da alternativa "cero" ou de non formulación da planificación. Ambas alternativas son moi semellantes, diferindo fundamentalmente nas previsións de viarios, zonas verdes e no número de parcelas edificables. A alternativa "un" non prevé un viario perimetral que circunde a parcela edificable central como si fai a alternativa "dous", e reduce as previsións de zona verde ao norte (ZV1). Ademais, a alternativa "dous" divide a parcela edificable do norte (P2 e P3) e contempla outra no sur (P4) non prevista na "un".



Alternativa "un"



Alternativa "dous"

No DAE xustifícase a selección da alternativa "dous" porque nela concorren os requisitos esixidos pola Lei e polos informes sectoriais xa emitidos na anterior tramitación ambiental, de xeito que o parque comercial presenta unha integración axeitada das conexión viarias xerais e mellora nas condicións de accesibilidade e mobilidade, con vías perimetrais e redes de servizos.

Resumo da proposta:

O PERI destina a totalidade do aproveitamento a usos terciarios distribuídos en catro parcelas:

- A parcela P1, a de maior superficie (29.550 m²), ocupa a zona central da actuación e nela planificase unha grande superficie comercial que poderá acadar os 18 m de altura máxima segundo a ordenanza reguladora específica da parcela.
- Ao norte se localizan outras dúas parcelas de menor dimensión, a parcela P2 (1.400,30 m²) prevista para acoller unha estación de servizo, e lindeira a esta polo leste a parcela P3 (1.348,70 m²), destinada a acoller unha edificación






para restauración. En ambas parcelas se establece unha altura máxima para as edificacións de 9 metros.

- Ao sur se prevé outra parcela P4 (4.252,60 m²) na que se proxecta unha área comercial formada por un ou máis locais comerciais de grande superficie e con altura máxima das edificacións de 14 metros.

Para o sistema viario a implantar a proposta integra varias actuacións:

- Unha vía perimetral paralela á autovía A-55 (V1) que conectará unha glorieta de acceso prevista ao norte con outra interior prevista na zona sur.
- Un viario de conexión interior (V2) que circunda a parcela central P1 polo perímetro norte, sur e leste que enlaza as glorietas proxectadas.
- Un vial de tráfico atenuado (V3), correspondente co que actualmente dá servizo ás vivendas unifamiliares situadas ao leste do ámbito, proxectándose a súa ampliación, mellora e conexión co viario interior V2 no extremo sur.
- Segundo se recolle na ficha do PXOM e o propio borrador, o PERI tamén ten adscrita a execución do sistema xeral viario A-XVIA-24, correspondente á vía M-33, en parte como sistema xeral incluído e en parte como conexións exteriores. A execución dos accesos ao ámbito consiste na implantación das propostas de actuación contidas no “Estudio de Tráfico e Capacidade: Proposta de accesos ao Parque comercial de Recaré” (xullo 2020).



Ordenación detallada proposta no borrador (extracto do plano PORD_02USOS)





No referente ás dotacións a maior reserva de solo destinada a zonas verdes localizase ao longo do perímetro oeste (ZV2 de 13.108,90 m²), cubrindo a zona lindeira coa autovía A-55. Tamén se incorpora outro pequeno espazo libre (ZV1 de 756 m²) no extremo norte do ámbito, en continuidade á parcela recreativa P3.

Segundo o borrador e o estudo de avaliación da mobilidade, o viario exterior perimetral estará dotado de 163 prazas de aparcadoiro públicas, mentres que a área comercial contará cunhas 1.503 prazas de aparcadoiro privadas.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

<i>Administracións públicas afectadas</i>	<i>Resposta</i>	<i>Sen resposta</i>
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia		x
Dirección Xeral de Aviación Civil	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Recibiuse unha alegación por parte dun particular.

O promotor deberá considerar na elaboración do plan a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do planeamento.

Dirección Xeral de Aviación Civil

Non se ten pronunciamento que realizar en relación co procedemento de avaliación ambiental do PERI, dado que a Dirección Xeral emite informe aos instrumentos de planeamento na súa tramitación urbanística.

Lembra que calquera construción, instalación ou plantación situada nunha zona afectada por servidumes aeronáuticas, ou que teña unha altura igual ou superior a 100 metros sobre o nivel do terreo ou da auga circundante, deberá contar co acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) ou do órgano competente do Ministerio de Defensa, segundo corresponda no ámbito das súas respectivas competencias, consonte o disposto nos artigos 31 e 33, e no artigo 15, respectivamente, do Real Decreto 369/2023 sobre Servidumes Aeronáuticas.





Instituto de Estudos do Territorio

O proxecto materializa unha importante transformación urbanística, prevista no PXOM. A principal incidencia na paisaxe é a elevada visibilidade da superficie comercial dende as vivendas da contorna e dende a estrada A-55.

Dende a óptica de comparar a nova ordenación coa do IOP, valóranse positivamente certos criterios de ordenación, como limitar as alturas máximas a 18 m, establecer a posibilidade da descomposición en volumes dos sólidos edificadas na parcela P1 ou mitigar a visibilidade dende a A-55 mediante unha zona verde. Porén, procede adoptar certas medidas para mellorar a integración paisaxística da actuación.

O PERI vai provocar o impacto paisaxístico propio dos desenvolvementos urbanísticos

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

A alternativa 1 semella máis respectuosa coa estrutura territorial existente, namentres que a alternativa 2 opta por unha actuación máis agresiva e de maior impacto. Por este motivo, considérase máis adecuado, desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, que se siga a liña da alternativa 1 do DAE.

Debe facerse un rigoroso traballo de campo que identifique cada un dos bens do antigo inventario de bens etnolóxicos do concello de Vigo, localizándoos con exactitude e analizando o seu estado actual. Procederáse á súa delimitación co seu contorno de protección nos planos de ordenación, redactando as correspondentes fichas de catálogo.

O hórreo (01-0338) e a Fonte do lavadoiro de Segade (04-0091) non se consideran afectados negativamente pola proposta do PERI. A Fonte lavadoiro de Recaré, tampouco está afectada directamente, se ben recoméndase situar as zonas verdes e espazos libres no seu entorno de cara á súa conservación e posta en valor.

Existen muros de pedra no camiño Castiñeiras que deberán representarse na cartografía e protexerse a cunha ordenanza de protección específica na normativa.

O xacemento Monte da Pomba (GA36057088) non se ve afectado polo PERI, sen embargo está moi próximo á reformulación dos viarios contemplados.

Non se dá cumprimento a ningún dos aspectos sinalados no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 15.1.2020.

Deberán levarse a cabo os traballos de identificación do patrimonio cultural existente dentro do ámbito así como no seu entorno inmediato (mínimo 200 metros ao redor), prestando especial atención ao patrimonio etnolóxico. Representaranse todos os bens identificados nos planos de ordenación, incluídos os muros tradicionais e demais elementos configuradores da estrutura tradicional. No caso de





que, como resultado do traballo de campo, se identifiquen novos bens do patrimonio cultural, estes deberán catalogarse. Deberá redactarse un catálogo do PERI no que se inclúan as fichas de todos os bens do patrimonio cultural afectados.

Para poder valorar a afección sobre os bens situados fóra do ámbito deberá delimitarse o ben e o contorno de protección seguindo o criterio da LPCG.

Darase cumprimento ás determinacións da ficha do PXOM en relación á integración paisaxística e visibilidade, en especial no relativo ao arboredo autóctono e á "harmonización volumétrica cos tecidos residenciais do contorno de características rurais".

Suxírese prever as zonas verdes e espazos libres nos contornos de protección, de xeito que funcionen como amortecemento ou zona de transición coa nova urbanización.

Particular

En ningún momento se fala do benestar dos veciños afectados, sometidos dende hai 50 anos a uns niveis de contaminación acústica e de fume difíciles de soportar. Non se estableceu unha barreira verde e a situación vai empeorar dramaticamente.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O plan non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar obras e implantar usos autorizados no ámbito de actuación. Tampouco inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

O PERI promove a transformación urbanística dun baleiro urbano de considerable extensión territorial (7,01 ha) permitindo o completado do tramado da cidade nunha área moi antropizada. Na medida en que a proposta implicará o desenvolvemento dun polígono de solo urbano non consolidado previsto no PXOM de recente aprobación, non se agarda que se podan producir efectos significativos no referente á ocupación do solo.

O PERI vai a provocar as incidencias paisaxísticas propias dun novo desenvolvemento urbanístico. Unha das maiores incidencias virá motivada pola elevada visibilidade do polígono terciario dende a autovía A-55 e as áreas residenciais da contorna. Ademais, a nova área comercial está prevista con edificacións discordantes tipolóxicas e volumetricamente coas predominantes nos núcleos próximos, de tipo residencial unifamiliar. En consecuencia cobrarán especial importancia as mediadas de integración paisaxística que se podan propoñer para unha axeitada harmonización dos novos usos terciarios cos tecidos residenciais de vivenda unifamiliar existentes nas zonas lindeiras ao norte, sur e leste, así como para a ocultación das actuacións previstas cara á autovía A-55.





Nin no ámbito nin na súa contorna inmediata existen espazos naturais protexidos nou de interese que podan verse afectados polas actuacións proxectadas no PERI. Valóranse positivamente medidas como procurar a conservación do arboredo autóctono existente no ámbito e a substitución nas masas arborizadas existentes nas zonas verdes dos eucaliptos, acacias, e parte dos piñeiros (os de menor porte) por especies autóctonas. No entanto, toda vez que foron detectadas especies exótica invasoras no ámbito, deberán de contemplarse medidas para a súa eliminación e na procura de evitar a súa expansión.

No interior do ámbito non existe ningún ben patrimonial catalogado que poda verse afectado polas actuacións proxectadas. Por outra banda, segundo se sinala no borrador, a Fonte do lavadoiro de Segade emprazado na contorna oeste quedará integrado na beirarrúa do vial reformado proxectado manténdose as súas dimensións e características.

Segundo o informado pola empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento e saneamento (Aqualia) no seu informe do 23.5.2025, o polígono conectarase á ETAP de Casal, a cal dispón de capacidade suficiente para o subministro de caudais para o PERI. Ao respecto do saneamento informa que o polígono se conectará á rede de colectores que transportan as augas residuais cara á EDAR do Lagares, a cal dispón de capacidade de tratamento e depuración para os caudais de augas fecais do ámbito. Porén, sinala que será preciso coñecer os caudais de abastecemento demandado, así como os augas de fecais do ámbito. Considerando o sinalado non é previsible que o desenvolvemento vaia a presentar unha incidencia significativa no ciclo hídrico, no entanto lémbrese que non se poderá executar o PERI se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica (determinación 4.8.9 das DOT).

Nin o borrador nin o DAE inclúen un estudo de ruído específico do PERI. Segundo a información dos últimos mapas estratéxicos de ruído publicados⁶ o ámbito vese parcialmente afectado polas emisións acústicas asociadas ao tráfico da autovía A-55. Nas zonas máis próximas á citada autovía supéranse os niveis de ruído ambiental admitidos na lexislación vixente⁷, na parcela P1, na maior parte da P4 e minimamente na P2. As previsións de ordenación que faga o PERI na franxa de zonas verdes e espazos libres prevista ao longo da zona de contacto coa autovía (ZV2) poderían contribuír a minimizar os efectos nas zonas afectadas porén, nesta zona o borrador unicamente prevé acometer noiros vexetais respectando a topografía existente, o cal non semella ser unha medida que poida contribuír ao cumprimento dos obxectivos de calidade acústica no ámbito.

6 Mapa Estratéxico de Ruido do Concello de Vigo (ano 2022) fase 4^a

7 Segundo o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas (táboa A do anexo II), nos novos desenvolvementos urbanísticos con uso predominante terciario non se poden superar os 65 dB durante o día e os 60 dB durante a noite.





O emprazamento do PERI nunha zona lindeira a unha importante vía de comunicación da cidade como é a autovía A-55 permite ao desenvolvemento dispoñer dunha boa accesibilidade. En canto á mobilidade, o PERI levará implícito un aumento dos desprazamentos na zona polo tráfico asociado á nova grande área comercial proxectada, se ben está prevista a súa conexión exterior mediante un novo sistema xeral viario cunha vía de alta capacidade (A-55). O anexo de estudo de avaliación da mobilidade achegado co borrador, fai unha análise detallada das infraestruturas viarias existentes centrado na autovía A-55, a demanda xerada polo futuro parque comercial, o tráfico presente e futuro da citada autovía, a modelización do tráfico para distintos escenarios e as propostas para a mellora do nivel de servizo das infraestruturas viarias.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que o "Plan especial de reforma interior do ámbito SUNC-810 Recaré-Ferreiras" no concello de Vigo teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

- 1) Para mellorar a integración paisaxística das actuacións previstas na contorna e minimizar o impacto visual das novas edificacións, recoméndase prever barreiras vexetais con plantacións arbóreas nas zonas de transición entre as áreas comerciais e os usos residenciais de vivenda unifamiliar do norte, sur e leste.
- 2) O plan deberá incorporar un estudo de ruído no que se analicen as emisións acústicas derivadas do tráfico asociado á autovía A-55. Partindo do resultado do estudo deberanse incorporar medidas específicas que permitan minimizar os efectos producidos no ámbito e dar debido cumprimento aos obxectivos de calidade acústica establecidos na lexislación vixente.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://medioambiente.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.





Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

